

NOTA DE PRENSA CON ROGO DE PUBLICACIÓN

ASUNTO:

O CONCELLO DE FERROL SIGUE SIN FACER OS DEBERES

A Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Ferrol, quere por en coñecemento dos medios de comunicación, dos usuarios/as da Asociación DYA e da empresa SERVIASISTENCIA, así como da cidadanía en xeral, as “irregularidades”, por non chamarlles nada peor, cometidas polo Concello de Ferrol.

Dende a Federación de Servizos queremos dicir que nos parece lamentable, e cando menos vergoñento, as prácticas ilegais que o Concello de Ferrol ven facendo.

Para comezar, o Concello de Ferrol debe uns 300.000€ á Asociación sen ánimo de lucro DYA, e varios meses á empresa SERVIASISTENCIA; por certo, as traballadoras desta última levan catro meses sen cobrar. Pois ben, despois de varios plenos, parece que o partido socialista non se entera; nos explica que as contas do Concello son maravillosas, que aínda lles quedan cartos por gastar e que pretenden “irse de excursión a Adelaida” a conta de todos nós, os contribuíntes, cando teñen débedas que pagar a empresas e traballadoras/es. INCRIBLE.

Para continuar, o pliego realizado polo Concello para a contratación de empresas para axuda a domicilio é ilegal, e aínda por riba, non fala de cómo se van a facer as subrogacións, cando van a ser...

Envía cartas ós usuarios decíndolles que escollan a empresa que prefiran, cando é ben sabido por todos, que ós usuarios danlles igual as empresas, o que queren é que os siga a coidar a súa auxiliar de sempre.

O que pretendían con isto non o sabemos, pero o que conseguiron a parte de molestar ós usuarios/as, foi poñe-los nerviosos e disgusta-los gratuitamente.

A actuación do Concello non ten nin pés nin cabeza, e nos leva a que a asociación DYA disólvese o vindeiro 30 de xuño, e a 28 de maio o Concello non sabe qué empresas van a entrar, cando van a entrar nin cómo o van facer.

Dende a Federación de Servizos da CIG-Ferrol nos facemos cando menos, dúas preguntas:

¿Qué vai pasar cos usuarios/as a partires do 30 de xuño?

¿Qué vai pasar cos traballadores /as?

Agardamos que o Concello de Ferrol se poña a traballar dunha vez, que se deixe de tonterías que non afectan á clase traballadora, arranxe os estropicios que fixo e asuma as súas responsabilidades dunha vez e polo ben de todos.

Dende a Federación de Servizos da CIG-Ferrol, dicer tamén, que tomaremos as medidas que consideremos oportunas para sacar ós traballadores desta situación de indefensión que están a vivir.

A LOITA CONTINÚA

Cristina Martínez Padín
CIG-SERVIZOS.